



BASES DO CURSO MONITOR/A DE TEMPO LIBRE 2020

Co obxecto de que a mocidade do Concello de Lugo participe no Curso de Monitor/a de actividades de tempo libre, proposto pola Área de Cohesión Social, establécense as seguintes bases:

- O curso terá unha duración de 350 horas (200 horas lectivas + 150 horas de prácticas), a parte teórica impartirase segundo o seguinte calendario e horario:

DÍAS	HORARIO
Venres (6/03; 3,17/04; 8/05)	16.30 - 21:30 horas
Sábados (7,14,21,28/03; 4,18,25/04; 9,16,23/05)	10:00 - 14:00 horas 16:30 - 21:30 horas
Domingos (8,15,22,29/03; 5,19,26/04; 10,17,24/05)	10:00 - 14:00 horas 16:30 - 21:30 horas

- O número de prazas é de 25. Para que o curso se leve a cabo será necesario cubrir un mínimo de 15 prazas.
- O curso está destinado a rapaces e rapazas de idades comprendidas entre os 18 e os 35 anos. Será obrigatorio:
 - ❖ Estar en posesión de, polo menos, algún dos seguintes títulos:
 - o Graduado en educación secundaria, graduado escolar ou equivalente.
 - o Técnico auxiliar en formación profesional ou outro equivalente.
 - ❖ Estar censado/a, ou no seu defecto estudar ou traballar na cidade de Lugo, sendo necesario presentar documento que o acredite.
- O prazo de inscrición estará aberto dende o momento do seu anuncio ata o 26 de febreiro ás 21:30 horas, de xeito presencial na Casa da Xuventude sita na rúa Bal e Gay, Lugo.
- No caso de non cubrirse as prazas, o prazo quedará aberto a todo o público en xeral, independentemente da idade, ata cubrir as mesmas, respectando o número máximo de faltas admitidas en cada curso.
- Para a matrícula é necesario presentar a seguinte documentación:
 - ❖ Fotocopia DNI
 - ❖ 2 fotograffas


AREA DE CULTURA, TURISMO, XUVENTUDE E PROMOCION DA LINGUA

Ref: XUVENTUDE

Asunto: Bases monitor actividades tempo libre

- ❖ Fotocopia do graduado en educación secundaria, graduado escolar ou equivalente.
- ❖ No caso de non estar censado/a en Lugo é necesario presentar a matrícula do centro de ensinanza ou documento que acredite estar traballando dentro do Concello de Lugo.
- Non se cubrirá ningunha inscrición se non se presenta toda a documentación citada anteriormente.
- No caso de que unha persoa falte os dous primeiros días, sen falta xustificada, daráselle de baixa e cubrirase o seu posto cunha persoa da lista de reserva. Sen que a baixa supoña o reintegro da matrícula.
- As prácticas necesarias para recibir o título realizaranse nas actividades desenroladas ou promovidas dende o Concello de Lugo, no prazo regulamentario.
- Se o número de solicitudes é maior que o número de prazas realizarase un sorteo aberto ao público que terá lugar na OMIX o día 27 de febreiro ás 10:30 horas. Sacarase un número e incluíndo ese número contarase as 25 prazas do curso.
- Para acadar o título de monitor de tempo libre é obrigatorio asistir ao curso, podendo faltar como máximo o 20% das horas.
- A participación neste curso implica a aceptación íntegra destas bases.
- A organización poderá introducir, se o cre necesario, as modificacións que estime convenientes para o mellor funcionamento do curso.
- Para máis información en relación coa actividade, as persoas interesadas poden chamar ó teléfono 982.297.444 ou dirixirse á Casa da Xuventude, na rúa Xesús Bal e Gay.

A Tenenta da Alcaldesa da Área
de Cohesión Social



Asdo: Ana M^a González Abelleira